

Novos gravados rupestres nas parroquias de Vilarmaior, Torres e Vilamateo -Concello de Vilarmaior- (II)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Retomamos o traballo sobre os gravados rupestres no concello de Vilarmaior (NL da provincia da Coruña), coa localización doutros 39 novos paneis, que sumados ós xa publicados neste Anuario en anos anteriores, veñen a converter o S deste pequeno concello nunha das maiores concentracións de gravados rupestres de Galicia.

Abstract

We return to the work on the rock carvings in Vilarmaior (NE of the province of Coruña) with the discovery of another 39 new panels which, together with those already published in previous editions of this Anuario, makes the south of this small council one of the highest concentrations of rock carvings in Galicia.

Despois dun ano de paréntese, retomamos de novo o estudo e localización dos gravados rupestres no pequeno concello de Vilarmaior. Nesta ocasión, centrámonos nas parroquias de San Xurxo de Torres, Santiago de Vilamateo, e ó L da parroquia de San Pedro de Vilarmaior, única zona desta parroquia pola que pasa o filón granítico. A maioría dos novos paneis localizados encóntranse en grupos moi concentrados, próximos as zonas xa estudadas en anos anteriores (fig. 1). A súa localización foi posible grazas a que na actualidade parte destas zonas están deforestadas, o que tamén, nalgúns casos, provocou a destrución total ou parcial dalgúns gravados.

SITUACIÓN XEOGRÁFICA

Vilarmaior é un pequeno concello duns 30 km² que se sitúa na área xeográfica das Mariñas orientais. As parroquias onde se centrou o traballo son San Pedro de Vilarmaior, situada ó SO do concello, cunha superficie de 5,5 km²; a de San Xurxo de Torres, situada ó SL do concello, cunha superficie de 4,26 km² e a de Santiago de Vilamateo, situada ó S/SO do concello con 5,55 km². O seu clima pode englobarse no dominio oceánico-húmido propio da costa setentrional galega. No aspecto litolóxico está composto por rochas de xistos, granitos gnéisicos e granitos granulados de dúas micas, nestes últimos é onde se atopan os gravados.

SAN PEDRO DE VILARMAIOR

É unha parroquia que linda polo N con Doroña; polo L con Torres; polo S con Callobre (concello de Miño), e ó O con Leiro e Bemantes (tamén do concello de Miño). Sen elevacións destacables, a maior altura atópase no monte Lagarín (313 m). A capital municipal sitúase no lugar da Armada, e moi preto dela encontramos os primeiros gravados desta parroquia.

* A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, ten por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

Torreiro: É unha das zonas máis interesantes deste traballo, encóntrase situada ó O do nacemento do regato de Monduriz, e a escasos 300 m ó S da casa consistorial. O grupo en si é un só afloramento de máis de 80 m de longo, que percorre a cabeceira dunha finca de NL a SO. Neste afloramento localizamos 13 paneis con gravados que foron agrupados en tan só cinco. Resultounos complicado delimitar os paneis deste grupo, xa que os n^{os} 1 e 2 están claramente separados 20 m entre si, e o n^o 3 forma un só panel no que o afloramento non está interrompido. Non podemos dicir o mesmo do resto do grupo formado polos paneis 4 e 5, que son un conxunto de moitas pedras separadas entre si entre 2 e 5 metros, que ocupan un espazo de máis de 50 x 20 m.




Fig. 1. Mapa de situación dos gravados

1) Torreiro-1: (Coordenadas xeográficas 08°07'39,76"–43°21'12,44" e UTM 570693-4800523, cota de altitude 263 m). Trátase dun afloramento a ras de chan orientado ó L/SL, cunha gran diáclase que o divide de L-O. A pedra ten unhas dimensións totais de 4,30 N-S x 3,50 m de L-O. Ó N da diáclase localizamos 4 combinacións de círculos concéntricos de 2 a 4 aros; todas elas con cazoleta central e tres delas con suco de saída. Debemos destacar a situada máis ó L, que está asociada a unha bacía. Do último aro desta combinación penden outros tres sucos. Aparecen tamén os restos doutras dúas combinacións de círculos concéntricos, un semicírculo, unha figura circular e tres cazoletas, unha delas con suco. Ó S da diáclase temos unha combinación de círculos concéntricos de 3 aros, na que o último acaba en sendas cazoletas; 7 semicírculos, catro deles con cazoleta central; 7 cazoletas e outras figuras xeométricas de difícil definición (fig. 2).




Fig. 2. Gravados rupestres do panel Torreiro 1.

2) Torreiro-2: (coordenadas xeográficas 08°07'40,01"–43°21'11,86" e UTM 570688-4800505, cota de altitude 264 m). É unha pedra de 2,50 N-S x 2,20 L-O x 1 m de altura. Nela tan só atopamos unha combinación de círculos concéntricos de 3 aros, o interior incompleto, con cazoleta central e suco de saída.

3) Torreiro-3: (coordenadas xeográficas 08°07'39,38"–43°21'11,24" e UTM 570691–4800486, cota de altitude 263 m). Consideramos este panel coma un tramo do afloramento que non está interrompido, cunhas dimensións de 10 N-S x 8 m L-O. É o panel principal e, quizais, o máis interesante deste grupo, maioritariamente non sobresaí do chan agás polo O. Precisamente a pouca altura é o que permitiu que cando se fixo a deforestación e posterior limpeza do monte con maquinaria, varias das cabezas do afloramento foran arrasadas por completo, sendo destruídas cando menos unha gran combinación de círculos concéntricos e estragándose outras dúas de menor tamaño (foto 8).

Queremos destacar que, ata o de agora, en todos os gravados do concello de Vilarmaior, tan só atopamos unha representación dun reticulado: Chousa do Monte-3. A dita representación non está asociada a combinacións de círculos concéntricos. Non obstante neste panel a práctica totalidade das combinacións de círculos concéntricos localizadas teñen asociados reticulados, ou penden delas cadrados con raias ou outros motivos (fig. 3 - foto 1). En total localizamos 10 combinacións de círculos concéntricos de dous a catro aros, sete delas con cazoleta central e suco de saída. Este suco conecta cos reticulados e cadrados antes descritos. Destacan tres combinacións que se sitúan na parte O da pedra, case nun plano vertical, que están enlazadas entre si; así coma outras dúas ó S da mesma. Tamén están espallados polo panel 6 semicírculos, un circuliño con cazoleta central, os restos dunha combinación en oito, 6 cazoletas e diversas raias que non configuran ningunha forma concreta.

4) Torreiro 4 a 8: (coordenadas xeográficas 08°07'39,62"–43°21'11,24" e UTM 570697–4800486, cota de altitude entre 260 a 263 m). É a zona comprendida dende o NL ó SL do panel anterior, e que está conformada por 5 paneis. Partindo de NL a SL atopamos dúas pequenas puntas do afloramento, paneis 4 e 5. No primeiro aparece unha combinación de círculos concéntricos con cazoleta central e suco de saída, e no segundo os restos doutra combinación de círculos concéntricos incompleta e interrompida polas gretas da pedra. Panel 6: Situado máis ó S dos anteriores, e coa mesma cota de altura, ollamos os restos de catro combinacións de círculos concéntricos, dous deles con cazoleta central e un con suco de saída; un circuliño simple; un semicírculo e 3 cazoletas. Panel 7: Ó L do



Fig. 3, foto 1. Zona SO do panel Torreiro 3.



anterior, nunha cota de altitude máis baixa, atopamos outro tramo do afloramento que formou parte dunha canteira. Nel hai 4 combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros, dúas delas con cazoleta central e suco de saída; un semicírculo; 3 cazoletas e varias raias que non forman ningunha figura concreta. Panel 8: Ó S do anterior encontramos unha pedra exenta que sobresaí do terreo na que se visualiza unha combinación de círculos concéntricos con cazoleta central; un cadrado baleirado no interior e unha figura moi esvaecida que puidera representar dous circuliños en forma de oito.

5) Torreiro 9 a 13: (coordenadas 08°07'39,93" – 43°21'10,75" e UTM 570675 – 4800471, cota de altitude entre 259 a 263 m). Ó igual que o anterior, este é un conxunto formado por outros 5 paneis que se dispoñen dende o S ó SO do panel Torreiro-3. Describiremos de arriba a abaixo. Panel 9: Situado na parte máis alta, está formado por varias pedras que baixan de forma graduada. Nel podemos ollar dúas combinacións de círculos con cazoleta central e suco de saída que rematan na súa parte inferior nunha bacía de forma ovalada. Unha delas ten emparellado un semicírculo con cazoleta central e a outra un trazo en forma de oito que a circunda; dezaioito pequenas combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros: dúas delas cunha bacía central e suco de saída, e o resto con cazoleta central; nove semicírculos, tres deles con cazoleta central; un circuliño simple con cazoleta; trinta e seis cazoletas de diferentes diámetros e varias raias espalladas polas pedras que non forman ningunha figura concreta (foto 2).

Na parte alta, zona NL hai unha pedra bastante inclinada que presenta unha combinación de círculos concéntricos de 3 aros con bacía central e suco de saída que, cara arriba, atravesa os aros para acabar nunha bacía ovalada que está fóra da combinación, e que, cara abaixo, alcanza os 80 cm de longo saíndolle polo menos 6 raias horizontais que se intercalan con cazoletas. Un pouco máis afastado hai un circuliño simple con cazoleta central, e repartidas pola pedra 7 cazoletas.

Na parte baixa zona SL ollamos un fragmento de pedra en forma de prisma que presenta gravados feitos en vertical nas caras opostas (N-S). Na cara N hai un pequeno cadrado, e na cara S unha combinación en forma de oito de dous e tres aros respectivamente, e outra combinación de círculos concéntricos con cazoleta central e suco de saída. Entre as dúas caras, na parte superior hai unha cazoleta.

Máis ó S temos tres pedras exentas. Na primeira atopamos unha combinación de círculos concéntricos de 4 aros, con un suco de saída cara ó N que acaba en cazoleta. Asociada hai



Foto 2. Vista xeral do caótico panel nº 9 Torreiro 5.

outra de dous aros. No resto da pedra outras 3 cazoletas e un semicírculo. Na segunda, unha combinación de círculos concéntricos de tres aros con cazoleta central e un semicírculo e na terceira, ó O da anterior outra pedra cunha combinación de círculos concéntricos de 3 aros moi esvaecidos na parte central. Ten cazoleta e suco de saída. Asociada a ela están os restos do que puidera ser outra combinación de círculos concéntricos.

Panel 10: Ó SL da rocha anterior hai un tramo de pedra exento de forma rectangular, no que tan só se conservan os restos dunha combinación de círculos con cazoleta central e algo máis distanciada unha cazoleta. Panel 11: Ó SO da anterior preséntasenos una gran combinación de círculos concéntricos de 6 aros, con cazoleta central e suco de saída, os dous exteriores incompletos. Paneis 12 e 13: Cara ó NO da anterior hai dúas pedras exentas separadas varios metros entre si. Na primeira hai dúas cazoletas e na outra unha cazoleta e un semicírculo.

SAN XURXO DE TORRES

É unha parroquia situada no SL do concello. Linda polo N con Vilachá (Monfero) e Dorofña, polo L con Vilachá (Monfero), polo S con Vilamateo e polo O coas de Vilarmaior e Callobre (Miño). Na zona oriental da parroquia é onde se atopan as maiores altitudes (Seixo Grande e Monte do Seixo), que son precisamente nas que localizamos nos anos 1999 e 2003¹ os primeiros sete paneis de gravados rupestres deste concello, xunto con outro localizado na zona baixa de cultivo (estación de Rego de Pazos).

Con posterioridade, en 2008², localizamos na parte occidental da parroquia (Monte do Castro e Monte da Calvela), un total de trinta e un paneis de gravados; e en 2009³, repartidos por toda a parroquia outros quince paneis máis. Agora, e despois das deforestacións realizadas nalgunhas zonas desta parroquia, localizamos outros dezaseis paneis, co que fan un total, ata o de agora de setenta. Así mesmo este ano ampliamos o contido do panel denominado Chousa do Montañés-1.

Este ano a nosa prospección centrouse na aba no Monte da Calvela e na ribeira do regato de Monduriz (o cal tamén pertencen os gravados da parroquia de Vilarmaior).

Describiremos os novos gravados localizados de N a S e de L a O, sinalándoos cun número, e a ampliación de Chousa do Montañés cunha letra.

Súa Lomba: este grupo está formado en realidade por seis pedras nunha pequena planicie da mesma finca situada ó O, antes da caída cara ó regato de Monduriz. Nel encóntrase un dos mellores gravados localizados ata este intre neste concello.

6) Súa Lomba-1: (Coordenadas xeográficas 08° 07' 40,45" – 43° 20' 59,77" e UTM 570682-4800132, cota de altitude 251 m). É o panel máis interesante deste grupo. Trátase dun pequeno afloramento de 2,60 N-S x 3,30 m de L-O, a ras do chan que na súa zona central emerxe en forma de teto. Precisamente este teto foi aproveitado para realizar unha magnífica combinación de cinco círculos concéntricos de 90 cm de diámetro, cunha bacía central de 20 cm de diámetro e 3 cazoletas intercaladas no segundo aro. Partindo do primeiro aro

¹ G.A.T.T., 1999, «Gravados rupestres en San Xurxo de Torres (Vilarmaior, A Coruña)», *Anuario Brigantino* n° 22: 21-34; e 2003, «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume», *Anuario Brigantino* n° 26: 51-76.

² G.A.T.T., 2008, «O Monte da Calvela: unha estación rupestre singular no concello de Vilarmaior», *Anuario Brigantino* n° 31: 11-32.

³ G.A.T.T., 2009, «Novos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo-Concello de Vilarmaior- (I)», *Anuario Brigantino* n° 32: 11-30.

interior, pero sen entrar na bacía central, saen dous sucos cara ó N e tamén cara ó S, ambos os dous cun pequeno baleirado á altura do quinto aro. Deste último aro, e do suco de saída, penden, ou se unen, a práctica totalidade de gravados deste panel ó S, O e N. Sendo a zona NL a única onde non se conserva ningún gravado. En total ollamos dúas figuras lineais; catro pequenas combinacións de círculos concéntricos, con cazoleta central e suco de saída; 5 pequenos semicírculos; dúas cazoletas; unha figura en forma de oito e varias raias que van unindo as distintas figuras. Partindo tamén da combinación principal cara ó L, saen dous sucos: un dende o terceiro aro, que se asocia a unha combinación de círculos concéntricos de dous aros, da que pende outra combinación circular/lineal de difícil interpretación; o outro suco sae dende o segundo aro e cremos que debeu de ter algunha outra figura asociada, pero que na actualidade non se conserva (fig. 4- fotos 3 e 9).

7) Súa Lomba-2: (Coordenadas xeográficas $08^{\circ}07'40,76'' - 43^{\circ}20'59,77''$ e UTM 570675 - 4800131, cota de altitude 251 m). Está situado a poucos metros do anterior cara ó L, trátase dun afloramento en forma de batolito de 2 N-S x 2,50 L-O x 1 m de alto, lixeiramente roto polo N. En principio é ideal para ter gravados pero ten o grao moi alterado, e tan só se conservan nun pequeno teto da parte alta os restos dun pequeno círculo incompleto con cazoleta central.

8) Súa Lomba-3: (Coordenadas xeográficas $08^{\circ}07'40,40'' - 43^{\circ}21'00,09''$ e UTM 570683 - 4800142, cota de altitude 252 m). Son dous tramos de pedra a ras do chan, separados entre si por unha gran diáclase. En conxunto miden 4 N-S x 9 m de L-O. Na pedra situada ó SL visualizamos 3 combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros todas elas con cazoleta central, e dúas delas con suco de saída; 3 semicírculos de un e dous aros, con cazoleta central e un deles con suco de saída; e dúas figuras de forma cuadrangular.



Fig. 4, foto 3. Panel Súa Lomba 1.



Na pedra situada ó NO visualizamos dúas grandes combinacións de círculos concéntricos de 45 e 65 cm de diámetro respectivamente, de tres aros, con cazoleta central e suco de saída. Na maior delas o suco de saída forma unha figura triangular e outra rectangular á que lle falta un dos lados. Aparecen tamén os restos doutras 4 pequenas combinacións de círculos concéntricos de dous e catro aros, todos eles con cazoleta central e dous con suco de saída; 4 semicírculos; 13 cazoletas e unha raia que percorre a maioría do panel de SL a NNO.

Entre os paneis de Súa Lomba un e tres hai unha pequena pedra a ras de chan que ten dúas cazoletas e, ó redor dunha delas, os restos do que puidera ser un aro moi estragado.

9) Súa Lomba-4: (Coordenadas xeográficas 08°07'40,84" – 43°21'00,09" e UTM 570673 – 4800142, cota de altitude 252 m). É un afloramento en forma de chanzo con caída vertical cara ó SO, cunhas dimensións de 1,30 x 2,50 x 1 m de alto polo SSO. Tan só localizamos unha combinación de dous círculos concéntricos inacabados con cazoleta central. E dúas cazoletas: unha na parte alta e outra na caída cara ó SO.

Chousa da Vella: É un dos grupos máis interesantes desta parroquia, está formado na actualidade por seis paneis, situados na aba O do monte do Castro, cara ó regato de Monduriz.

10) Chousa da Vella-1: (Coordenadas xeográficas 08°07'43,20" – 43°20'44,49" e UTM 570625 – 4799660, cota de altitude 238 m.). Trátase dunha pedra en forma de batolito, a rentes dunha pista, que está gravada por todas as caras agás pola S. Ten unhas dimensións de 4,70 N-S x 2,90 m L-O e unha altura que oscila entre os 1,30 a 1,90 m polo O. Nela podemos ollar na cara N unha combinación de círculos concéntricos de 4 aros, con varios raios que os atravesan pola parte alta, e catro sucos de saída que semellan formar unha figura reticular; nesta mesma cara hai dúas cazoletas e os restos dunha combinación ovalada. Na cara L hai un circuliño con cazoleta central cun gran suco de saída, xunto con varias figuras xeométricas, aparentemente de factura máis moderna, e os restos de dúas combinacións circulares moi esvaecidas. Na parte alta da pedra temos un pequeno circuliño con cazoleta central e 4 cazoletas. Na cara O tres semicírculos de un e dous aros con cazoleta central e suco de saída, o máis longo de 1,70 m; 6 cazoletas, unha delas con suco de saída, e una figura en forma de R.

11) Chousa da Vella-2: (Coordenadas xeográficas 08°07'43,43" – 43°20'43,42" e UTM 570620 – 4799631, cota de altitude 236 m). Ó igual que o anterior é un afloramento en forma de batolito a rentes da mesma pista, cunhas dimensións de 2,70 N-S x 2 L-O x 1,90 m de alto polo O. Pero a diferenza do anterior tan só presenta gravados na parte superior: unha cazoleta cun semicírculo e outras 4 cazoletas simples.

12) Chousa da Vella-3: (Coordenadas xeográficas 08°07'43,88" – 43°20'43,46" e UTM 570610 – 4799628, cota de altitude 235 m). Trátase do panel máis interesante deste grupo e un dos mellores deste concello. É un afloramento de 10,30 N-S x 3,90 m de L-O, con leve caída cara ó O. No S do afloramento encontramos una combinación de dous círculos concéntricos en forma de oito e os restos dun semicírculo. No N do afloramento é onde se concentran o resto dos gravados. Nesta zona podemos ollar a figura máis interesante das atopadas. Pensamos que é unha figura antropomorfa ou unha deidade (fotos 4 e 7), con certas similitudes a outras localizadas nos paneis de Calvela 1⁴ e Calvela 4⁵ (foto 7), e que intentaremos definir: está composta na parte superior por una bacía central rodeada por dous aros, con suco de saída que non chega a conectar coa parte inferior, que está

⁴ G.A.T.T., 2008, «O Monte da Calvela: ...», Opus cit. *Anuario Brigantino* n° 31: 11-32.

⁵ G.A.T.T., 2009, «Novos gravados rupestres ...Torres...», Opus cit. *Anuario Brigantino* n° 32: 11-30.



Foto 4. Figura antropomorfa na zona NO do panel Chousa da Vella 3.

composta por unha serie de trazos cuadrangulares alternados por espazos simétricos que foron baleirados. Todos estes gravados están perfilados por un só trazo que fai un efecto de remarcado. Nesta zona norte tamén ollamos dúas combinacións de círculos concéntricos de 4 aros con cazoleta central e suco de saída; un semicírculo con cazoleta central e suco de saída; 3 pequenas figuras de círculos concéntricos de dous aros con cazoleta central das que penden outro círculo e dúas figuras ovaladas respectivamente.

13) Chousa da Vella-4: (Coordenadas xeográficas $08^{\circ}07'45,56''$ – $43^{\circ}20'43,47''$ e UTM 570572 – 4799628, cota de altitude 230 m). É un afloramento en forma de chanzo de 3,20 N-S x 2,70 L-O x 2 m de alto polo O. Na parte alta, única zona plana hai 10 cazoletas.

14) Chousa da Vella-5: (Coordenadas xeográficas $08^{\circ}06'19,07''$ – $43^{\circ}20'41,77''$ e UTM 570520 - 4799596, cota de altitude 221 m). É un pequeno afloramento preto dun maior que forma parte dunha antiga canteira. Ten unhas dimensións de 1,20 N-S x 1,60 m de L-O, e nel podemos ollar unha combinación xeométrica difícil de definir: consiste nun círculo central inacabado e un segundo aro que forma unha especie de espiral que acaba nunha cazoleta. Deles penden unha serie de raias que forman figuras lineais e reticulares que se espallan por toda a pedra. Algo máis separadas hai dúas cazoletas (foto 5).

15) Chousa da Vella-6: (Coordenadas xeográficas $08^{\circ}07'48,42''$ – $43^{\circ}20'42,91''$ e UTM 570517 – 4799610, cota de altitude 221 m). Son os restos dun afloramento cortado de 0,90 N-S x 0,50 m de L-O, nel podemos ollar un pequeno círculo de 9 cm de diámetro con cazoleta central.

16) Chousa do Tras: (Coordenadas xeográficas $08^{\circ}07'18,41''$ – $43^{\circ}21'03,10''$ e UTM 571177 – 4800240, cota de altitude 308 m). Son os restos dun afloramento alterado por unha extracción de pedras. Ten unhas dimensións de 2,50 N-S x 1,20 m de L-O, e nel podemos ollar unha combinación de círculos concéntricos de 4 aros, co interior moi esvaecido, que ten dous sucos de saída: un polo N e outro polo S. A combinación, ó igual que o afloramento, está rota polo SL.

17) Maceira: (Coordenadas $08^{\circ}07'16,20''$ – $43^{\circ}20'43,60''$ e UTM 571233 – 4799639, cota de altitude 272 m). É un afloramento a ras do chan de 3,50 N-S x 4,50 m de L-O, nel podemos ollar un circuliño con cazoleta central; dous semicírculos con cazoleta central, un deles con suco de saída, e 13 cazoletas de diferentes diámetros.

18) Revolto-7: (Coordenadas $08^{\circ}07'31,38''$ – $43^{\circ}20'26,31''$ e UTM 570897 – 4799102, cota de altitude 250 m). Forma parte dun conxunto publicado no 2008⁶. Debémolle engadir este pequeno afloramento de 2,80 N-S x 2,80 m de L-O, no que podemos ollar dous pequenos

semicírculos con cazoleta central e dúas cazoletas soltas.

A) Chousa do Montañes-1: (Coordenadas xeográficas 08°07'46,29"–43°20'20,53" e UTM 570563 – 4798926, cota de altitude 212 m). Trátase da ampliación dun panel publicado en 2008⁷ composto por «... un círculo de 22 cm de diámetro con cazoleta central e un suco de saída que remata nunha figura xeométrica de difícil interpretación» que se atopaba ó S dun valo de pedras. A parte que ampliamos está ó outro lado do valo, cara ó N, nel atopamos un combinación de



Foto 5. Panel da Chousa da Vella 5.

círculos concéntricos de 3 aros con cazoleta central e suco de saída que remata noutra cazoleta. E un pouco máis separado un pequeno semicírculo con cazoleta central. O panel agora en conxunto mide 4 N-S x 2,50 L-O x 1 m de alto polo N.

19) Coto Abeledo: (Coordenadas xeográficas 08°06'03,75"–43°21'05,37" e UTM 572857 – 48003228, cota de altitude 350 m). Trátase dun afloramento inclinado cara ó N, cunhas dimensións totais de 6 N-S x 4,70 m de L-O. Ten coma única representación nove cazoletas, 5 delas agrupadas na parte máis alta e outras 4 espalladas pola pedra.

20) Monte Grande-7: (Coordenadas xeográficas 08°06'25,70"–43°20'43,70" e UTM 572370 - 4799654, cota de altitude 318 m). É un afloramento a ras de chan cunhas dimensións de 3,20 N-S x 4,20 m L-O, nel tan só localizamos un pequeno semicírculo con cazoleta central, posiblemente de factura moderna.

21) Monte Grande-8: (Coordenadas 08°06'25,03 - 43°20'44,24" e UTM 572385 4799671, cota de altitude 318 m). É un afloramento a ras de chan cunhas dimensións de 6 x 6 m no que tan só localizamos unha figura en forma de lazo e dúas cazoletas, unha delas de 12 cm. de diámetro. Ó igual que no panel anterior, os gravados localizados probablemente sexan de factura moderna. Non moi lonxe destes dous paneis hai outro, tamén de factura moderna, no que se pode ollar un gravado dun xogo de tres en raia e unha inscrición aínda hoxe non descifrada.

SANTIAGO DE VILAMATEO

É a parroquia situada na parte SL do concello. Linda polo N coa de Torres e San Fiz de Monfero, polo L con San Fiz de Monfero, polo S con San Tirso de Ambroa (Irixoa), e polo O coas parroquias de Torres e San Cristovo de Guimil (Vilarmaior). Na zona oriental da parroquia é onde se atopan as maiores altitudes: aba do Monte Grande e a Pena Francisca (264 m).

No ano 2003⁸ localizamos os tres primeiros gravados desta parroquia. Posteriormente no ano 2008⁹, localizáronse outros catro, e no ano 2009¹⁰ outros dezaseis. Agora, neste traballo, presentamos outros dez máis, co que fan, ata agora, un total de trinta e tres paneis de gravados nesta parroquia ata o momento.

⁶ G.A.T.T., 2008, «O Monte da Calvela: ...», Opus cit. *Anuario Brigantino* n° 31: 11-32.

⁷ G.A.T.T., 2008, «O Monte da Calvela: ...», Opus cit. *Anuario Brigantino* n° 31: 11-32.

⁸ G.A.T.T., 2003, «Gravados rupestres...», Opus cit., *Anuario Brigantino* n° 26: 51-76.

⁹ G.A.T.T., 2008, «O Monte da Calvela...», Opus cit., *Anuario Brigantino* n° 31: 30-31.

¹⁰ G.A.T.T., 2009, «Novos gravados ...Torres ...», Opus cit. *Anuario Brigantino* n° 32:11-30.

22) Gaián: (Coordenadas xeográficas 08° 06' 58,34" – 43° 20' 23,01" e UTM 571642 – 4799005, cota de altitude 221 m). Trátase dun pequeno afloramento na parte alta dun cotarelo no que hai varias pedras que foron empregadas como canteira, as cales non conservan en aparencia ningún gravado. As dimensións son 2,80 N-S x 1,50 m L-O. No interior dunha pía natural do afloramento de 66 x 70 cm hai tres cazoletas e un pequeno circuliño con cazoleta central, no resto da pedra hai outras 6 cazoletas máis.

23) Lugarexo-5: (Coordenadas xeográficas 08° 06' 38,92" – 43° 15' 46,75" e UTM 572170 – 4790490, cota de altitude 244 m). É o resto dun afloramento moi alterado e moito máis grande que foi roto ó facer a estrada que pasa dende Lugarexo á Igrexa de Torres. Na actualidade ten unhas medidas de 3,50 N-S x 5 m de L-O. Na parte superior da pedra podemos ollar 5 cazoletas que oscilan de entre os 5 e os 10 cm. de diámetro.

Chousa do Anido: é o grupo máis interesante desta parroquia. Os catro paneis localizados encóntranse na mesma finca. O panel nº 1 está na parte N do coto. Toda a aba S do coto, cara ó regato de Candelo, afluente do Lambre, foi utilizada como canteira e existen multitude de pedras nas que localizamos os outros 3 paneis. Por encima de todos destaca o panel nº 2, sen dúbida o máis interesante dos amosados nesta parroquia.

24) Chousa do Anido-1: (Coordenadas xeográficas 08° 06' 55,48" – 43° 19' 50,64" e UTM 571717 – 4798010, cota de altitude 217 m). Trátase dun pequeno afloramento a ras de chan, orientado ó SO, cunhas dimensións totais de 3,30 N-S x 2,30 m de L-O. Os gravados concéntranse dende o centro da pedra cara ó L. Podemos ollar 5 combinacións de círculos concéntricos de dous a catro aros, todas elas con cazoleta central e tres delas con suco de saída, destacando a localizada máis ó O que presenta un suco central e outro lateral, que conducen a dous semicírculos na parte superior e inferior da combinación; hai tamén 4 semicírculos con cazoleta central, un deles con suco de saída que o une cunha combinación de círculos concéntricos; dous círculos simples; un círculo con dous sucos de saída laterais, un deles asociado con outro semicírculo; 12 cazoletas de diferentes tamaños, unha delas separada do resto dos gravados na parte máis O da pedra.

25) Chousa do Anido-2: (Coordenadas xeográficas 08° 06' 57,47" – 43° 19' 47,61" e UTM 571673 – 4797916, cota de altitude 208 m). É un gran afloramento de forma graduada, que foi utilizado durante anos como canteira. As dimensións totais son 6,60 N-S x 12,50 L-O X 2,60 m de alto polo S. Na parte superior da pedra os gravados son escasos e están moi erosionados, neste sector tan só puidemos ver unha cazoleta, unha combinación de círculos concéntricos de dous aros con cazoleta central, un círculo con cazoleta central e un semicírculo con cazoleta. No chanzo inmediato inferior é onde se concentran a maioría dos gravados orientados cara ó S e SL. Neste sector atopamos once combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros, todas elas con cazoleta ou bacía central e a maioría delas con un ou dous sucos de saída; dous círculos simples, un deles unido a outra representación cuadrangular de difícil interpretación; 9 semicírculos de un ou dous aros, 8 deles con cazoleta central; unha figura rectangular con varias divisións de difícil interpretación e 14 cazoletas. Destacan por enriba de todos a combinación máis visible con bacía central e dous sucos de saída, que une mediante outros trazos á maioría das figuras representadas na parte central deste sector, e a combinación de círculos concéntricos situada na pedra caída da parte S. Probablemente foi rota polas labores de cantería. Cara ó O atopamos unha gran laxa en posición case vertical, que foi desprendida do afloramento polas labores de cantería antes aludidas. Nela represéntanse 4 cazoletas, unha delas con suco; un círculo con

bacía central e un semicírculo con cazoleta. Máis ó O, na caída oposta da pedra están os restos dunha combinación de círculos concéntricos de dous aros (fig. 5 - foto 6).

26) Chousa do Anido-3 (Coordenadas xeográficas 08°06'57,52" – 43°19'47,41" e UTM 571672 – 4797910, cota de altitude 205 m). É unha pedra exenta, pero probablemente pertencente ó gran afloramento de Chousa de Anido-2. Ten unhas dimensións de 1,60 N-S x 2,30 m de L-O e unha altura que oscila entre os 0,60 polo N e os 2,20 m polo S. Nela tan só puidemos ollar unha pequena combinación de círculos concéntricos de dous aros con cazoleta central e suco de saída.

27) Chousa do Anido-4 (Coordenadas xeográficas 08°06'54,81" – 43°19'48,01" e UTM 571731 – 4797927, cota de altitude 200 m). É un pequeno afloramento moi alterado. Ten unhas dimensións de 1,80 N-S x 2,30 m L-O e está orientado ó N e L. Os poucos gravados que se conservan están na parte superior da pedra, onde podemos ollar un semicírculo de dous aros con cazoleta central, que posiblemente sexan os restos dunha combinación máis grande. Hai tamén unha cazoleta situada máis ó N, no medio de varios puntazos de canteiro e outras alteracións da pedra.

Chousa da Peneda: Como o seu nome indica é unha peneda cunhas dimensións totais de 19 m N-S x 30 m L-O, das que máis dun 60% están soterradas. Nela localizamos catro pequenos paneis espallados pola mesma e desconectados entre si.

28) Chousa da Peneda-1: (Coordenadas xeográficas 08°06'50,07" – 43°19'44,15" e UTM 571841 – 4797811, cota de altitude 200 m). Son dúas pequenas pedras situadas na punta L do afloramento, que teñen unhas dimensións en conxunto de 2,80 N-S x 3,80 m L-O. Na parte inferior dunha delas localizamos un círculo moi esvaecido con dous sucos laterais de saída, e na parte superior dúas cazoletas; na outra pedra atopamos unha cazoleta e un pequeno circuliño con cazoleta central.



Fig. 5, foto 6. Zona S do panel
Chousa de Anido 2.



29) Chousa da Peneda-2: (Coordenadas xeográficas 08°06'50,60" – 43°19'44,22" e UTM 571829 – 4797813, cota de altitude 200 m). É unha pedra a ras de chan agás polo S que baixa en forma de chanzos. Ten unhas dimensións de 1 N-S x 3 m L-O e unha altura polo S de 0,60 m. Nela podemos ollar os restos de dúas pequenas combinacións de círculos concéntricos de dous aros moi esvaecidas, con cazoleta central e suco de saída; tamén os restos dun circuliño con cazoleta central e, xunto a un pía natural, unha cazoleta illada.

30) Chousa da Peneda-3: (Coordenadas xeográficas 08°06'50,82" – 43°19'44,25" e UTM 571824 – 4797814, cota de altitude 200 m). Trátase dunha pedra a ras de chan, cunhas dimensións de 1,30 N-S x 5 m de L-O. Nela tan só podemos ollar os restos dunha pequena combinación de círculos concéntricos de dous aros con cazoleta central, e a uns dous m cara ó sur, xunto a unha pequena pía, unha cruz patada.

31) Chousa da Peneda-4: (Coordenadas xeográficas 08°06'51,04" – 43°19'44,64" e UTM 571819 – 4787826, cota de altitude 199 m). É a parte máis ó NO do afloramento e unhas das superficies máis grandes que se encontra descuberta na actualidade. Ten unhas dimensións de 6,80 N-S x 7,50 m L-O, a altura oscila entre o 1,30 polo N e os 2,20 m polo O. A pesar destas dimensións e ó igual que ocorre cos outros tres paneis deste grupo os gravados localizados son máis ben pobres e están moi esvaecidos. Concretamente neste panel tan só localizamos aproveitando os tetos da pedra dúas pequenas combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros, unha delas con cazoleta central e posible suco de saída. Algo máis afastadas cara á caída da pedra tamén se poden ollar dúas cazoletas.

CONCLUSIÓNS

Como vén sendo habitual non podemos facer unhas conclusións finais xa que cada nova campaña que remata encontrámonos coa aparición de novos paneis, neste caso 39 que se veñen a engadir ós 78 publicados en anos anteriores, e que converten ó concello de Vilarmaior nun referente da arte rupestre galega. Máxime se temos en conta que esta incesante aparición de gravados, agás dun localizado na parroquia de Doroña, encóntrase nun espazo aproximado de apenas 250 hectáreas.

Nesta campaña concentramos o noso esforzo en localizar os gravados na canle formada polo regato de Monduriz, entre o monte do Castro e A Armada, cuns resultados sorprendentes: 5 paneis do grupo Torreiro, que en realidade son 13 paneis diferentes, os 4 do grupo de Súa Lomba e os 6 da Chousa da Vella. Repetimos o mesmo na parroquia de Vilamateo, nas inmediacións do regato de Candelo, cos mesmos resultados: 4 paneis da Chousa do Anido e os outros 4 da Peneda.

As figuras localizadas ata agora seguen a representar o mundo xeométrico do cal descoñecemos a súa significación, tendo coma excepción as figuras antropomorfas de Calvela 1 e 4 e a localizada este ano na Chousa da Vella 3. Estes tres paneis que se encontran separados entre si 600 m N-S (partindo da Chousa Vella 3 á Calvela 4), presentan moitas similitudes e posiblemente foron gravados polo mesmo individuo/os.

Estas figuras antropomorfas, semellan estar relacionadas entre si e son moi diferentes ó resto das localizadas no resto de Galicia. En todas elas o autor/es gravaron o que sería a cabeza cun círculo, ou dous círculos concéntricos, cun baleirado no interior e posteriormente foron desenvolvendo a figura do corpo con outros baleirados simétricos, que no caso de Calvela 4 e Chousa da Vella 3 son case exactos. Outra particularidade é que o trazo exterior das figuras non está interrompido, dándolle volume ás figuras representadas e reafirmando a simetría das mesmas (foto 7).



Foto 7. Figuras antropomorfas: 1) Calvela-1, 2-3) Calvela 4, 4) Chousa da Vella 3.

Dentro do traballo feito neste concello só localizamos un gravado que representaba un reticulado (Chousa do Monte 3). Non obstante no panel de Torreiro-3 a práctica totalidade das combinacións de círculos concéntricos gravadas teñen asociados un ou varios reticulados (fig.3 - foto 1), algo que tamén sucede co panel de Súa Lomba 1 (fig. 4 - foto 3). Ignoramos se existe algunha relación entre estes dous últimos paneis, que se encontran separados entre si 350 m, e comparten zona xeográfica, xa que ambos os dous están na parte alta da canle do regato de Monduriz.

Seguimos sen encontrar un patrón común que relacione o emprazamento ou a orientación dos gravados. Se ben a maioría se orienta ó O ou ó S, tamén o fan en menor medida ó L, e tamén existen gravados orientados claramente ó N.

Ignoramos se todos os gravados pertencen á mesma época ou, en caso contrario, cales son dunha época e cales doutra, aínda que as figuras representadas sexan semellantes. Por riba as teorías aplicadas noutros puntos da nosa xeografía chocan ou non se cumpren en canto a localización xeográfica, orientación, asociación cos cursos fluviais, camiños, interpretación como sinais, etc. É, quizais, neste espazo reducido e con tal cantidade de gravados onde se podería encontrar un patrón aplicable ó resto da comunidade e non ó revés.

Na actualidade, debido á praga que sofren os eucaliptos, estase a talar e deforestar na zona unha cantidade importante dos montes. Esta deforestación e a posterior limpeza con maquinaria, destruíu total ou parcialmente varias combinacións de círculos do panel de Torreiro 3 (foto 8), e afectou de maneira dispar ós grupos de Súa Lomba e Chousa de Tras, entre outros. Nada imputable ós propietarios, xa que todos estes paneis eran descoñecidos e polo tanto preséntanse inéditos neste traballo. Nós, como Asociación, intentamos protexer dentro das nosas posibilidades o noso patrimonio, pero dende aquí queremos chamar a atención e solicitar ás administracións locais e autonómicas un plan integral para a zona que conteña as medidas oportunas para evitar a destrución deste fráxil patrimonio*.



Foto 8. Destrozos recentes no panel Torreiro 3.

*** O noso agradecemento a todas as persoas que colaboran coa nosa Asociación, en especial, a José Salgado pola seu inestimable labor na realización do material fotográfico nocturno.**



*Foto 9. Panel de
Súa Lomba 1.*